

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 20 de febreiro de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 20 de febreiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36090.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2026.

2.36091.- APROBACIÓN DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DE: BUEU, CUNTIS E O PORRIÑO, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS. (EXPTE. 2026004285)

Primeiro.- Mediante acordo nº 4.35966 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2026, foi aprobado o “Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, expte nº 2025077297. Dito convenio foi modificado posteriormente mediante acordo nº 3.36052 da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada en data 13 de febreiro de 2026.



Segundo.- Para a formalización do devandito convenio de colaboración, os concellos interesados deben proceder a súa aprobación, así como á sinatura do modelo de carta de adhesión pola persoa representante de cada concello e tamén teñen que estar adheridos á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, durante o período de duración do convenio.

Terceiro.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións do convenio, xunto coas cartas de adhesión dos seguintes concellos: Concello de Bueu, Concello de Cuntis, e Concello de O Porriño.

Cuarto.- A aprobación dos convenios xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2025064680.

Vistas a dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de datas 17 e 19 de febreiro de 2026.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar os presentes convenios, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar os convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os seguintes concellos: Concello de Bueu, Concello de Cuntis, e Concello de O Porriño, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do devandito convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	ENTIDADE LOCAL	POBOACIÓN	PAGAMENTO POR ENTIDADE
1	CONCELLO DE BUEU	11.836	609,51 €
2	CONCELLO DE CUNTIS	4.469	203,17 €
3	CONCELLO DE O PORRIÑO	20.965	1.015,86 €

Cuarto.- Facultar ó presidente para a formalización dos mencionados convenios mediante a súa sinatura.



3.36092.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PISTA DE PÁDEL CUBIERTA EN CHAN - ARBO” (EXPTE. 2025082484)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Arbo o importe que lle corresponde é de 91.575,12€.
- En data 23/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087049) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 91.575,12 € ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Pista de pádel cuberta en Chan - Arbo”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/02/2026.
- Así mesmo en data 10/02/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 11/02/2026.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

A solicitude do Concello de Arbo relativa ao financiamento do investimento denominado “Pista de pádel cubierta en Chan-Arbo” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 91.575,12 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Arbo*, CIF P3600100F a cantidade de 91.575,12€ con destino ao financiamento do investimento “Pista de pádel cubierta en Chan-Arbo” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Arbo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



4.36093.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPT. 2026003898)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DA GUARDA					
Data de presentación:		23/01/2026 (registro WEB2026004290)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 9 meses	172.245,36 €	172.245,36 €	0,00 €	172.245,36 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA GUARDA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	177.685,95 €



- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas.



En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 63TADSJ0PCR88JNY) e do informe de Intervención (CSV: FHLFS037IF67FBI5), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de A Guarda* (CIF P3602300J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Guarda, A (P3602300J)	10	10 peóns limpadores/as a xornada completa durante 9 meses	172.245,36 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.36094.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA DEVANDITA ANUALIDADE DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA CTRA. EN MEIRA”. (EXPTE. 2026002532)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 05/09/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 3.35582 e no marco do Plan + Provincia 2025, se lle concedeu ao *concello de Moaña* unha subvención, por importe de 254.360,85 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Humanización da Travesía Ctra. da Praia de Meira*” (expediente 2025021169), cuxo orzamento de execución de contrata ascendía 510.858,50 euros (desagregado en dúas anualidades de execución/financiamento: a correspondente ao ano 2025 por importe de 254.360,85 euros e a correspondente ao ano 2026 por importe de 256.497,65 euros).
- En data 07/01/2026, mediante rexistro WEB2026000806, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do *concello de Moaña* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 256.497,65 euros, co obxecto do financiamento da anualidade de execución/financiamento do exercicio 2026 do investimento “*Humanización da Travesía Ctra. da Praia de Meira*” (expediente 2026002532).
- Conforme a base 19ª do Plan + Provincia 2026-2027, o proxecto proposto ten carácter bienal e os fondos concedidos a través dos Plans + Provincia, constitúen a súa única fonte de financiamento, cumpríndose todos os requisitos que se establecen na referida base tanto no relativo ao aspecto cuantitativo (orzamento de execución e importe das subvencións solicitadas) como no referente á natureza do investimento. Así mesmo, a subvención que se solicita ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026, constitúe a última anualidade de execución/financiamento do gasto bienal.

Deste modo, a petición do *Concello de Moaña* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvención- Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026-€
510.858,50	2025	254.360,85	0,00
	2026	0,00	256.497,65

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente:
 - o 2025021169 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025024522 de 01/04/2025.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª establece os requisitos que deben reunir os investimentos de carácter plurianual para poder ser incluídos no plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a anualidade de execución dun gasto bienal financiado nunha anualidade anterior pola Deputación, o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/02/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF: P3602900G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 256.497,65 euros, co obxecto de financiar a anualidade do 2026 do investimento “Humanización da Travesía Ctra. da Praia de Meira” (expdte 2026002532). O orzamento total da actuación ascende a 510.858,50 euros, quedando o financiamento do investimento proposto distribuído segundo se reflicte na seguinte táboa:



Orzamento- €	Anualidades	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvención- Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026-€
510.858,50	2025	254.360,85	0,00
	2026	0,00	256.497,65

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.36095.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL ESTIPULADA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O DEVANDITO CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2405 O CERQUIDO-BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220”. (EXPTE 2026004204)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 26/12/2025, a Deputación de Pontevedra e o Concello do Porriño asinaron o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 2405 Cerquido-Budiño entre o P.Q 0+000 e P.Q 1+220”. A cláusula terceira do devandito convenio establece que as obras serán financiadas por ambas administracións consonte a seguinte distribución:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	828.014,79€	80
Concello do Porriño	207.003,70€	20
TOTAL OBRAS	1.035.018,49 €	100

- En data 21/01/2026, mediante rexistro WEB2026003741, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello do Porriño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 207.003,70 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración para a execución do proxecto arriba referido.
- En datas posteriores, o Concello do Porriño completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias no expediente con núm. 2025052275.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 15



INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación nos que estaas asumen a redacción do proxecto técnico e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 03/02/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/02/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Porriño*, CIF: P3603900F, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 207.003,70 euros, co obxecto de financiar achega municipal estipulada no convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o devandito concello para a execución proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 2405 Cerquido-Budiño entre o P.Q 0+000 e P.Q 1+220”(expte. 2026004204). O orzamento total da actuación ascende a 1.035.018,49 euros, conforme a seguinte distribución de financiamento:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	828.014,79€	80
Concello do Porriño	207.003,70€	20
TOTAL OBRAS	1.035.018,49 €	100

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria para o que se realizarán as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e recepción do investimento realizarase conforme ao previsto no convenio de colaboración asinado entre ambas administracións con data 26/12/2025.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.36096.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026) CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRA 2024 DO INVESTIMENTO PARQUE TERMAL DE PONTE CALDELAS. (EXPTE. 2026004210)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025, mediante acordo do Pleno da Deputación núm. 3.8370 outorgóuselle ao Concello de Ponte Caldelas unha subvención por importe de 700.000,00 euros, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, co obxecto do financiamento do investimento “Parque Termal de Ponte Caldelas” (expdte 2024077376) con base a un orzamento que ascendía a 1.500.000,00 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 800.000,00 euros.
- En data 25/04/2025, mediante acordo plenario núm. 5.8396, modificouse a base quinta do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os Concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026, con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente”.
- En data 26/01/2026, mediante rexistro WEB2026000719, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de Ponte Caldelas na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 116.000,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “Parque Termal de Ponte Caldelas” (expdte 2026004210), cuxo orzamento ascende a 1.500.000,00 euros.

Para a execución do investimento proposto ademais da xa referida subvención ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, o Concello ten solicitada unha axuda á Xunta de Galicia ao abeiro da convocatoria de subvencións para o “Acondicionamento e mellora de espazos termais de uso lúdico”, por importe de 200.000,00 euros, ten concedida unha axuda da Axencia de Turismo de Galicia, formalizada a través dun convenio, por importe de 400.000,00 euros e achega con fondos propios 84.000,00 euros.



Deste modo, o financiamento da petición do Concello de Ponte Caldelas queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Subvención-€	Plan / Programa
1.500.000,00	700.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	400.000,00	Axencia Turismo Galicia
	200.000,00	Xunta Galicia (Acondicionamento espazos termais)
	84.000,00	Fondos propios Concello
	116.000,00	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente.
 - o 2024077376 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2024072912 de 22/11/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 27/01/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/02/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ponte Caldelas*, CIF: P3604300H, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 116.000,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024 do investimento Parque Termal de Ponte Caldelas (expdte 2026004210) cuxo orzamento ascende a 1.500.000,00 euros; quedando o financiamento do investimento proposto tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Subvención-€	Plan / Programa
1.500.000,00	700.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	400.000,00	Axencia Turismo Galicia
	200.000,00	Xunta Galicia (Acondicionamento espazos termais)
	84.000,00	Fondos propios Concello
	116.000,00	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Consonte o disposto na base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, a subvención rexeráse polas normas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024 aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.8272 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 206 do 22/10/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, o investimento deberá estar executado o 31/10/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.36097.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “APORTACIÓN MUNICIPAL ANUALIDADE 2026 NOVO RAMAL DE SANEAMENTO EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO”. (EXPTE.2026004149)

O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 23/01/2026, mediante rexistro WEB2026004412, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), dunha petición do *Concello de Salceda de Caselas* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 133.570,76 euros, co obxecto do financiamento da actuación “APORTACIÓN MUNICIPAL ANUALIDADE 2026_NOVO RAMAL DE SANEAMENTO EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO” a executar segundo convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o *Concello de Salceda de Caselas*.

O Concello comunica a concesión de subvención, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_investmentos, por importe de 24.014,14 euros co obxecto do financiamento da actuación “NOVO RAMAL DE SANEAMENTO EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO” (anualidade 2025).

Consta no expediente certificado do acordo do Pleno do concello de Salceda de Caselas, de data 08/05/2025, de aprobación do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Salceda de Caselas e autorización e disposición do gasto plurianual, para os exercicios 2025-2026 da actuación “Novo ramal de saneamento en San Estevo de Budiño. *Salceda de Caselas* (Pontevedra)” de acordo co seguinte financiamento:



ANUALIDADE	AUGA DE GALICIA	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	IMPORTE
2025	96.056,58€	24.014,14€	120.070,72€
2026	534.282,97€	133.570,76€	667.853,73€
TOTAL	630.339,55€	157.584,90€	787.924,45€

O importe do orzamento total do investimento, 787.924,45 euros, está desagregado en execución obra 675.001,04 euros, excesos de medición 67.500,10 euros, honorarios dirección obra 25.950,77 euros e coordinación de seguridade e saúde 19.472,54 euros.

Quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento (anualidade 2026)	Subvención Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026)	Achegas doutras administracións públicas (Augas de Galicia_2026)	Fondos propios do Concello
667.853,73€	133.570,76€	534.282,97€	0,00€

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Consta no expedientes declaración responsable á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª no seu punto 2-2º establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan +Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica. Así mesmo, no caso dos investimentos plurianuais, o investimento pode estar adxudicado.
-



- Base 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que establece que no caso de solicitar a subvención para financiar a anualidade de execución dun gasto bienal ou plurianual financiado nunha anualidade anterior pola Deputación, o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Base 24ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que establece que no caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións Públicas nos que estas asumen a redacción do proxecto e a execución do investimento, o Concello quedará exento da aprobación do proxecto técnico.
- Base 25ª das reguladoras o Plan +Provincia 2026-2027, que establece que no caso de achegas municipais para o financiamento de investimentos financiados maioritariamente por outras administracións públicas a subvención que se conceda rexerase polas normas do presente plan, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/06/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/02/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/02/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF: P3600048G, unha subvención por importe de 133.570,76 euros, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), co obxecto do financiamento do investimento “APORTACIÓN MUNICIPAL ANUALIDADE 2026_NOVO RAMAL DE SANEAMENTO EN SAN ESTEVO DE BUDIÑO” (exp.2026004149), cuxo orzamento ascende a 667.853,73 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS (Augas de Galicia_2026)	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	667.853,73€	133.570,76€	534.282,97€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.36098.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE.2026003577)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumplan os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE SOUTOMAIOR					
Data de presentación:		21/01/2026 (registro WEB2026003874)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	1 auxiliar de biblioteca en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 3 varredores/as, 3 albancis (oficiais) e 10 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 4 meses	159.429,41 €	155.665,64 €	35.781,74 €	123.647,67 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE SOUTOMAIOR	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	123.647,67 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓN:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas bases reguladoras.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: WCO6SGOMEN4OCW5L) e do informe de Intervención (CSV: XVNHVPEU6E3UX5LY), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Soutomaior* (CIF P3605300G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Soutomaior (P3605300G)	18	1 auxiliar de biblioteca en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses; 3 varredores/as, 3 albaneis (oficiais) e 10 peóns forestais en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses; 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 30 h./sem durante 4 meses	123.647,67 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



10.36099.- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN PRESENTADA POLA FUNDACIÓN RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA DE AROUSA NO MARCO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA “PROVINCIA+INCLUSIVA”. (EXPTE.2025048132)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 30 de maio de 2025, aprobou a convocatoria e bases reguladoras das subvencións en concorrència competitiva dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal (acordo núm. 4.35270), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 5 de xuño de 2025 (BOPPO núm. 106).

Segundo.- Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025 (acordo núm. 4.35787), acordou concederlle á FUNDACIÓN RESIDENCIA DIVINA PASTORA, con NIF G36017929, unha achega de 10.000,00 euros para a adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal, con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00 do Orzamento Provincial.

Terceiro.- Con data 27 de novembro de 2025, número de rexistro WEB2025081544, a Fundación Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa presenta instancia xenérica solicitando:

“(…) Que se autorice unha ampliación do prazo de execución do proxecto por un período adicional, preferiblemente de seis meses, respecto ao prazo establecido na convocatoria, que fixa como período de execución os gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026.

A razón desta petición, tal e como xa se indicou por correo electrónico, é a necesidade de dispoñer do tempo suficiente para acometer de forma adecuada todas as actuacións previstas, garantindo a súa correcta implantación e a consecución dos obxectivos formulados, especialmente tendo en conta a natureza técnica e a complexidade do proxecto (...)

Cuarto.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula no seu artigo 32 a ampliación dos prazos establecidos por parte da Administración. En concreto establece os límites da ampliación, que non superará a metade do prazo inicial, e con ela non se prexudicarán dereitos de terceiros.

Quinto.- Dentro da normativa en materia de subvencións, o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra establece a posibilidade de que a entidade beneficiaria da subvención poida solicitar o órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública. A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente establecido.



Sexto.- A este respecto, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establecía que as persoas beneficiarias poderán solicitar a modificación da resolución de concesión, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros.

Sétimo.- Conforme á base décimo terceira das bases reguladoras da convocatoria, a concesión das subvencións realizouse mediante o procedemento de concorrència competitiva, garantindo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación entre as entidades solicitantes. O prazo establecido na convocatoria ten carácter esencial e preclusivo, configurándose como un elemento determinante para asegurar a igualdade de trato e a correcta tramitación do procedemento.

Oitavo.- Á vista do disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que a ampliación de prazos constitúe unha facultade potestativa da Administración sempre que as circunstancias o aconsellen e non se prexudiquen dereitos de terceiros, con data 28 de novembro de 2025 a xefa do Servizo de Benestar Social emite informe-proposta no que se considera que a estimación da ampliación solicitada podería alterar as condicións de igualdade entre as persoas interesadas e, en consecuencia, prexudicar a terceiros no marco dun procedemento de concorrència competitiva, propoñendo a súa desestimación.

Noveno.- Con data 11 de febreiro de 2026, Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Benestar Social.

• NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, programa “Provincia + Inclusiva”



Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno, xa que foi o órgano que aprobou a concesión da subvención, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial e demais lexislación aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar a solicitude de modificación da resolución de concesión da subvención para a promoción da accesibilidade universal, no relativo ao prazo de execución, presentada pola entidade Fundación Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa, con NIF G36017929, por entender que a súa aceptación prexudicaría dereitos de terceiros.

11.36100.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA DRENAXE E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE". (EXPTE. 2025079583)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO que percorre o termo municipal de Cerdedo-Cotobade pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 2.636 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o treito da estrada comprendido entre os P.Q. 0+000 ao 2+636 ten carencias debido o deterioro tanto dos firmes como do sistema de drenaxe existente, as cunetas actuais teñen desbordamentos puntuais, tamén existen zonas onde o firme se encontra en mal estado o que supón un risco para a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 758.835,34 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 33



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. *Concello de Cerdedo-Cotobade*”

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025079583, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000010810, por importe de 758.835,84 €.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 7DV2GJ1I79F5K1WT.

Considerando.- Que en cumprimento do art.235 LCSP incorporouse ao expediente informe de supervisión do proxecto de data 09/12/2025 (CSV: 1GOT1GDF6UENK4CQ) do enxeñeiro director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e de avaliación ambiental.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 34



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. *Concello de Cerdedo-Cotobade*”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 758.835,34 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.

12.36101.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS, DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980 (CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN)". (EXPTE. 2025068408)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso á recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P.2702 Amoedo-Os Valos, que transcorre polos Concellos de Pazos de Borbén e Redondela.



Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980.”, no termo municipal de Pazos de Borbén.

Resultando.- Que as actuacións propostas teñen por finalidade mellorar a seguranza viaria de tódolos usuarios da vía polo que se proxecta incrementar a sección da estrada, dotándoa de carrís máis amplos e beiravías, con melloras puntuais de trazado, executando tamén unha cuneta transitable que mellore a eventual mobilidade peonil.

Resultando.- Que con data 4 de novembro de 2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados ó 100% pola Deputación de Pontevedra, recollendo ademais que entre as obrigas da Deputación están a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro José P. Gosende Tuñas, adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L. o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)”, cun orzamento base de licitación de 960.465,35 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: CNSZYAAL8527JJ74.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa reunión de data 28 de marzo de 2025, acordou aprobar definitivamente o proxecto constructivo “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)”

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas e Vías provinciais, que consta no expediente con CSV: VCX3ND1H70KSXUDJ, solicítase a tramitación do correspondente expediente de contratación, para a adxudicación do contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)”

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2024, dentro do proxecto de gasto código nº 2022059086, existe crédito retido para facer fronte a este gasto mediante documento RC nº 12025000005421, por importe de 960.465,35 €.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 21 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/11/2025 procedeu á apertura dos sobres “A” da documentación administrativa e documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- NAROM, S.L.
- CONTRUCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- HORDESCON,S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.

A Mesa de Contratación acordou remitir a documentación técnica o Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais para a súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 20 de xaneiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	10,00	1,00	11,00

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 37



HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00

A Mesa de Contratación, na súa reunión de data 22/01/2026, en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 20 de xaneiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)”.

A empresa Excavaciones y construcciones Manuel Perez Portela non acadou a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas, polo que debe de ser excluída deste procedemento.

Na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE- EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	727.810,48 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	723.444,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	752.496,82 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	EXCLUIDO	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	793.733,02 €	2,00%	12 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE- EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	737.891,40 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	734.795,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO S 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	27,82	5,00	5,00	5,00	42,82
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	29,54	5,00	5,00	5,00	44,54
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	17,82	5,00	5,00	5,00	32,82
HORDESCON, S.L.	0,02	0,00	2,50	5,00	7,52
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,85	5,00	5,00	5,00	38,85
NAROM, S.L.	25,07	5,00	5,00	5,00	40,07

Resultando.- Que en función das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/01/2026 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*”, que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	44,54	63,54
2	NAROM, S.L.	22,00	40,07	62,07
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	19,00	42,82	61,82
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	38,85	56,85
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	32,82	55,82
7	HORDESCON, S.L.	16,00	7,52	23,52

Resultando.- Que atendendo á clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado723.444,73 €
 IVE (21%)151.923,39 €
 Importe Total..... 875.368,12 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comprobou que a empresa Construcciones Fechi S.L.U., (B36258861) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida Contrucciones Fechi, S.L.U, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituindo garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, segundo queda acreditado en carta de pago número 12026000025102, por importe de 36.172,24 €.



Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa Atenea seguridade y Medioambiente, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, que consta con CSV: VCX3ND1H70KSXUDJ, á empresa Atenea Seguridad y medioambiente, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)", por un importe estimado de 6.947,05 euros IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) I4FUC5MHWKAPUGU3 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02. 2025 dentro do proxecto de gasto código nº 2022059086, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000224969.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa Excavaciones y construcciones Manuel Perez Portela, S.L. pois non acadou a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábles mediante fórmulas, segundo o recollido no PCAP.
2. Adxudicar á empresa Construcciones Fechi S.L.U., (CIF B36258861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (*Concello de Pazos de Borbén*)”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	723.444,73 €
IVE (21%)	151.923,39 €
Importe Total.....	875.368,12 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de NOVE (9) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025068408.

Sinalar que debe solicitarse unha prórroga da autorización da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, xa que, tal como recolle o informe de Secretaría, *“A autorización preceptiva da Confederación Hidrográfica caducará durante a execución do contrato posto que o prazo outorgado no seu condicionado para a finalización das obras é de dezaoito meses que finalizan en marzo do 2026. As obras obxecto do contrato contan cun prazo de execución de nove meses polo que non é posible finalizalas dentro do prazo outorgado pola Confederación. Así pois, deberá emendarse esta situación como proceda.*

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Evaristo Juncal Froján.
4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos, dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)" (Expte 2025071756), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	5.741,36 euros
IVE (21%).....	1.205,69 euros
Importe Total.....	6.947,05 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 42



As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025071756.

13.36102.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO
SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA + XUNTAS 2026 E 2027.
(EXPTE. 2025058831)

Vista a providencia de inicio do Servizo de Igualdade de data 17/09/2025 (CSV: GOKUM643RSZ63LQY), para a contratación do “*Servizo de execución do programa + Xuntas 2026 e 2027*”, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes. Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

Resultando que, con data 22/09/2025, pola Intervención realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RC fut (2026) 12025000172514 por importe de 339.682,53 € e mediante o documento RC fut (2027) 12025000172515 por importe de 351.340,91 €.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e a memoria xustificativa, e con data 09/12/2025, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 19/12/2025, informa favorablemente o expediente.

Resultando que con data 22/12/2025 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que a Intervención, con data 5 de febreiro de 2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:



“O orzamento base de licitación do contrato comprende tanto a achega da Deputación como as aportacións dos participantes pola asistencia a cada unha das accións formativas (7 Eur por persoa participante, de acordo coas bases reguladoras do programa para o ano 2026).

Deberá tramitarse a correspondente modificación do acordo da Xunta de Goberno núm. 2.35721, de 31 de outubro de 2025 polo que, se aprobaron as bases reguladoras do Programa “+Xuntas” 2026, no que respecta a base 15ª (Financiamento), pola modificación da contía asignada para o programa no ano 2026.

Para a anualidade 2027, deberán aprobarse as correspondentes bases reguladoras do programa.”

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: K0WOAJT5AAMO3TGZ), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa + Xuntas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 30/10/2025. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo) de conformidade co previsto no artigo 131.2 da LCSP.

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo de execución do programa + XUNTAS 2026 e 2027 cun orzamento máximo de licitación de 691.023,44 euros.

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas,

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 44



así como nas bases reguladoras do programa que foron aprobadas pola Xunta de Goberno do día 30/10/2025.

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: UFHJD94W619CJ534), o prego de prescricións técnicas (csv: 0A6DJZ1NPIKLXSFK) e o Catálogo de accións formativas con (CSV 1V6V7KH0F91EQL5W) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/250.2315.227.07	339.682,53 €
2027	27/250.2315.227.07	351.340,91 €

O importe correspondente ao exercicio 2027 quedará condicionada a aprobación do respectivo orzamento do ano 2027 e a existencia no mesmo de crédito adecuado e suficiente.

4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de Igualdade ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

14.36103.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025069999)

Visto que en data 13/11/2025, a xefa do servizo de arquitectura emite providencia de inicio co csv DNTODDPZO06YJ5G5 no que, co visto e prace do deputado delegado, propón a contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano, con posibilidade de tres prorrogas, e un orzamento base de licitación para os tres lotes de 147.846,20€ euros. Xunto coa proposta, o servizo achega os pregos de prescricións técnicas.

Resultando que, con data 14/01/2026, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto (servizo/subministración) sendo a prestación principal a de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva CSV: YMC8NBHACPZCHVOK.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 13/01/2026 solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Resultando que con data 21/01/2026 a Secretaría Xeral, emite informe favorable do expediente co csv SNNX89NEVSZ0DWGN.

Resultando que con data 21/01/2026 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando o informe favorable da Intervención, de data 12/02/2026 coas seguintes observacións e recomendacións (csv JU9NIE6J4R23BNYM):

“Deberían tramitarse os expedientes cunha antelación suficiente, que permita ter adxudicado o novo contrato antes da finalización da vixencia do anterior e, sobre todo, neste tipo de contratos de mantemento anual e reiterativo, polo que deben evitarse no futuro este tipo de actuacións así como ter en conta o recollido nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación aprobadas mediante resolución presidencial 2021000767, de data 10 de febreiro de 2021, sobre a planificación dos contratos, sendo ademais aconsellable que a duración coincida co ano natural.”

Resultando que con data 16/12/2025 a Intervención emite documentos de retención de crédito polo importe total de 147.846,20 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, co csv SUJBNLAO20EPDEYT.

Considerando o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califican como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 46



O prazo de duración do contrato será de 1 ano, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 147.846,20€ euros, correspondendo 101.393,50€ ao servizo de mantemento e 46.452,70€ a material para mantemento correctivo.

O contrato se divide en tres lotes:

LOTE 1: Servizo Arquitectura, Servizo de Contratación, Servizo de Turismo Rías Baixas, Servizo Patrimonio documental e bibliográfico, Servizo de Medio ambiente, Servizo de Infraestruturas e vías provinciais, Servizo de Cooperación e Servizo do ORAL		
SERVIZO MANTENIMENTO	MATERIAL MANTENIMENTO CORRECTIVO	TOTAL IVE ENGADIDO
24.169,75 €	11.452,72€	35.622,47 €
LOTE 2: Museo		
SERVIZO MANTENIMENTO	MATERIAL MANTENIMENTO CORRECTIVO	TOTAL IVE ENGADIDO
38.184,60€	19.999,99€	58.184,59€
LOTE 3: CENTRO PRINCIPE FELIPE		
SERVIZO MANTENIMENTO	MATERIAL MANTENIMENTO CORRECTIVO	TOTAL IVE ENGADIDO
39.039,15€	14.999,99€	54.039,14 €
	TOTAL	147.846,20€

O valor estimado dos tres lotes é de 488.747,84 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: Y82ZSH47D9UH12J6) e de prescricións técnicas (lote nº 1 csv: Y7XQDGGGLIVVZF1CK, lote nº 2 csv BX5NRDTXKWQ1GULT e lote nº 3 csv ORUHFLU2WY6SU568) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 147.846,20 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias.

FINANCIACIÓN DURANTE SEGUNDO SEMESTRE DE 2026			
Anualidade	Lotes	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	Lote 1:		
	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	6.739,26 €
	Oficina en Vilagarcía de Arousa	922.9330.213.00	69,58 €
	Turismo (Palacete)	433.4320.213.00	1.272,80 €
	Arquivo Provincial	332.3322.213.00	1.140,60 €
	Escola de Enfermería	831.3261.213.00	375,10 €
	Viveiro Barro Meis	942.4330.213.00	995,40 €
	Viveiro Lalín	942.4330.213.00	675,10 €
	Laboratorio Mouriscade	411.4120.213.00	1.240,60 €
	COI (Centro operativo de Infraestruturas)	456.4530.213.00	968,00 €
	Estación Fitopatolóxica de Areeiro	413.4123.213.00	1.938,30 €
	Oral (Pontevedra, Nigrán, Cambados, Lalín, Caldas de Reis e Sanxenxo)	932.9320.213.00	2.396,50 €
	Lote 2 Museo:		
	Museo	333.3330.213.00	29.092,29 €
	Lote 3 –Centro Príncipe Felipe:		
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	27.019,57 €

FINANCIACIÓN DURANTE PRIMEIRO SEMESTRE DE 2027:			
Anualidade	Lotes	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2027	Lote 1:		
	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	6.739,26 €
	Oficina en Vilagarcía de Arousa	922.9330.213.00	69,58 €
	Turismo (Palacete)	433.4320.213.00	1.272,80 €
	Arquivo Provincial	332.3322.213.00	1.140,60 €



Escola de Enfermería	831.3261.213.00	375,10 €
Viveiro Barro Meis	942.4330.213.00	995,40 €
Viveiro Lalín	942.4330.213.00	675,10 €
Laboratorio Mouriscade	411.4120.213.00	1.240,60 €
COI (Centro operativo de Infraestruturas)	456.4530.213.00	968,00 €
Estación Fitopatolóxica de Areeiro	413.4123.213.00	1.938,30 €
Oral (Pontevedra, Nigrán, Cambados, Lalín, Caldas de Reis e Sanxenxo)	932.9320.213.00	2.396,50 €
Lote 2 Museo:		
Museo	333.3330.213.00	29.092,29 €
Lote 3 Centro Príncipe Felipe:		
Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	27.019,57 €

Os importes correspondentes á anualidade 2027 quedarán condicionados a aprobacións dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

4.- Nomear responsable do contrato a:

- Roberto Martínez Padín, Xefe de sección de Mantemento de Arquitectura (Lote 1)
- Antía Parceró Rodal, Técnica de Mantemento do Museo (Lote 2)
- Patricia Pérez Fernández, Técnica de Mantemento do Centro Príncipe Felipe (Lote 3)

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.36104.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADQUISICIÓN POR COMPRAVENDA, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DE BENS ARTÍSTICOS NO RECINTO CONVENTUAL DE SANTA CLARA. (EXPTE. 2025051418)

Vista a Providencia de Inicio do expediente, de data 10 de novembro de 2025, emitida polo servizo Museo de Pontevedra, acompañada do prego de prescricións técnicas e do documento RC, para levar a cabo a contratación da “Adquisición por compravenda de bens artísticos no recinto conventual de Santa Clara”, así como da escritura de compravenda, o informe de taxación e o Convenio de Colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e o proxecto da memoria xustificativa, indicando que o procedemento de adxudicación a seguir será o procedemento negociado sen publicidade, sendo este o procedemento indicado



dado o seu carácter persoalísimo e artístico, segundo o artigo 168.a) 2º LCSP da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e xustificando a necesidade e idoneidade desta contratación, así como o réxime competencial no que se ampara a Deputación de Pontevedra para levar a cabo a mesma.

Resultando con data 30 de xaneiro de 2026 a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000021985 polo importe de 396.250, 00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 333.3330.662.01/2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04 de febreiro de 2026.

Resultando o informe favorable da Intervención, de data 10 de febreiro de 2026, coas seguintes observacións e recomendacións:

“O carácter persoalísimo e artístico da subministración obxecto deste contrato con leva que o mesmo unicamente poida ser realizado polo propietario dos bens , polo que concorre a circunstancia prevista no art. 168.a) 2º LCSP, “... que o contrato teña por obxecto a creación ou adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español; que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.”

Asemade as características artísticas da subministración obxecto deste contrato impide que se poida negociar termo algún do contrato, artigo 170. 2: “Cando unicamente participe un candidato, a mesa de contratación, ou na súa falta, o órgano de contratación, a condición de que sexa posible, deberá negociar con el nos termos que se sinalan no apartado 5 do artigo 169”.

Polo que se xustifica que non se pode convidar a varias empresas á licitación nin os termos do contrato poden ser obxecto de negociación por concorrer as circunstancias do art. 168.a) 2º LCSP e por tratarse dun obxecto único de carácter artístico”.

Considerando o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Considerando os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 50



facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do expediente para a “adquisición por compravenda, mediante procedemento negociado sen publicidade, de bens artísticos no recinto conventual de Santa Clara”.

O contrato terá un prazo máximo de execución de 5 meses, contados a partir da formalización do contrato ou en todo caso ata o 1 de maio de 2026, tendo en conta o previsto na escritura de compravenda a cal establece que a data de adquisición da titularidade será o 1 de abril de 2026.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 396.250,00 euros. Non suxeito a IVE ó tratarse de transmisión de inmobles destinados a actividades culturais.

O valor estimado é de 396.250,00 euros.

2.- Aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: RRLY91ELHWELRVG7) e de prescricións técnicas (CSV: BIQ87GVO1OAZYMY8) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 396.250,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 333.3330.622.01/2025 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á Orde de Santa Clara, Comunidade de Religiosas Clarisas (R1500018-E), e invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a presentar oferta a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

16.36105.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L., PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DE COLABORACIÓN MATERIAL NA COMPROBACIÓN TRIBUTARIA EN MATERIA DE TAXAS E OUTROS TRIBUTOS NOS CONCELLOS QUE TEÑEN DELEGACIÓN EXPRESA NA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2024027993)

Na sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos nos Concellos que teñen delegación expresa na Deputación de Pontevedra*” á empresa Laya gestión e servicios S.L. (CIF: B33473489), polos prezos unitarios e valores reflexados no citado acordo.



O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 23 de abril de 2025, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 29 de xaneiro de 2026, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de decembro de 2025 (data de comparecencia: 11/12/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 28 de xaneiro do 2026, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12026000019253, polo importe de 99.185,01 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/932.9320.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026. O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 09 de febreiro do 2026 (CSV: X59AKSAJ3XM0VC18), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos nos Concellos que teñen delegación expresa na Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 23 de abril do 2026.”

Considerando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da primeira prórroga do contrato para a prestación do servizo de “Asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos nos Concellos que teñen delegación expresa na Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa *Laya gestión y servicios S.L.* (CIF: B33473489), durante o período desde o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/932.9320.227.06	99.185,01 €
2027	27/932.9320.227.06	44.793,23 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

17.36106.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L., PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN E LIMPEZA DA COCINA E COMEDOR PARA O CAMPAMENTO DA LANZADA. (EXPTE. 2023062397)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de restauración e limpeza da cocina e comedor para o campamento da Lanzada* á empresa Alimentación saludable gallega, S.L. (B27831783), polos prezos e valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de abril de 2024 e o prazo máximo de duración é dun (1) ano, a contar dende a data de formalización do mesmo, debéndose executar as súas prestacións entre o 19 de xuño e o 10 de setembro do 2024, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 27 de outubro de 2025, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027.



Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 21 de outubro de 2025 (data de comparecencia: 21/10/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 04 de novembro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 12025000206840, polo importe de 170.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.3370.227.20, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de febreiro do 2026 (CSV: 4HFIOKBBEU1XD3RA), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da Lanzada por un ano, desde o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 23 de abril do 2026.”

Considerando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de restauración e limpeza da cociña e comedor para o campamento da Lanzada” subscrito coa empresa Alimentación saludable gallega, S.L. (B27831783), durante o período desde o 23 de abril do 2026 ata o 22 de abril do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	26/233.3370.227.20	170.500,00 €

18.36107.- APROBACIÓN DE PRÓRROGA PARA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DAS FESTAS GASTRONÓMICAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, EMPREGANDO FOOD TRUCKS”. (EXPT. 2024084008)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2025, acordou a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da “campana de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks” á empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) por un importe máximo de 254.353,11 € (IVE engadido), estimando a realización de 366 degustacións e cun prazo de execución de CINCO (5) MESES, a contar dende a data de formalización.

Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo con data 25 de setembro de 2025, resultando como data prevista de finalización o día 24 de febreiro de 2026.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025, acordou a suspensión total da execución do devandito contrato de servizos, con efectos dende o día 11 de decembro de 2025, ata que rematase o período coincidente coa campaña de Nadal, desaparecidas as causas que motivaron a imposibilidade de prestación do servizo. A acta de reinicio formalizouse con data 26 de xaneiro de 2026, con efectos desde o día 28 de xaneiro de 2026.

Resultando.- Que data 10 de febreiro de 2026, a empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) presentou escrito, a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro de entrada nº WEB2026008617), no que solicita ampliación do prazo de execución do contrato ata o día 31 de maio de 2026, sinalando que *“no ha sido posible su realización con normalidad dentro del plazo inicialmente previsto debido a la concurrencia de condiciones meteorológicas adversas, que han impedido el correcto desarrollo de las actuaciones programadas. Dichas circunstancias han supuesto retrasos inevitables en la ejecución del contrato, haciendo materialmente imposible su finalización en los términos y plazos establecidos inicialmente”*.

Resultando.- Que con data 11 de febreiro de 2026, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, conxuntamente coa directora do devandito servizo, emitiron informe complementario (CSV: RUE40THKH9NCRCD9), concluíndo que o contratista non é responsable das razóns polas que se produciu a demora, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución do servizo ata o día 31 de maio de 2026.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 55



Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo xefe de Servizo de Contratación, o Interventor e o Secretario Xeral da Deputación, informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “(...) O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva (...)”.

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “(...) Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor (...)” .

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración (...)”.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa Jose Fajardo, S.L. (NIF: B15320187) unha prórroga na execución do contrato de servizos da “*campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks*”, establecendo coma data de finalización do contrato o día 31 de maio de 2026.

19.36108.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26/12/2025 (ACORDO Nº 18.35934), RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUN PRODUTO MUSEOGRÁFICO Ó AIRE LIBRE, AO REDOR DA FESTA DO CORPUS CHRISTI DE PONTEAREAS, E SOPORTE E MANTEMENTO DO MESMO, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 14 - PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO”. (EXPTE. 2024017600)

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, adxudicou o contrato de “Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Pontearreas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino” á empresa Amazing up – Ingeniería interactiva del ocio, S.L. (B98619281).

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 56



Resultando que no citado acordo advírtese un erro no cadro do reparto da financiación, compre rectificar o mesmo para establecer que a plataforma e a sinalética financiaranse con cargo á os remanentes do ano 2024. Tendo en conta que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizo cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Rectificar o citado Acordo Nº 18.35934 da Xunta de Goberno, de data 26/12/2025, de adxudicación do contrato de “Servizo de implantación dun produto museográfico ó aire libre, ao redor da festa do Corpus Christi de Pontearcas, e soporte e mantemento do mesmo, no marco do PRTR compoñente 14 - Plan de sustentabilidade turística en destino”, no seguinte senso:

ONDE DI:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2026 (plataforma)	26/433.4325.642.00.2025 investimentos inmateriais (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	88.873,64 €
2026 (sinalética)	26/433.4325.652.99.2025 investimentos en concellos (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	51.374,21 €

DEBE DICIR:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2025 (plataforma)	26/433.4325.642.00.2024 investimentos inmateriais (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	88.873,64 €
2025 (sinalética)	26/433.4325.652.99.2024 investimentos en concellos (92210005 - CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS (NEXT GENERATION UE)	51.374,21 €



20.36109.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, LÉREZ EDICIONES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2025". (EXPTE.2024073201)(DEVOGARÁN 2026003600)

Por acordo número 26.34579, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 24 de xaneiro de 2025 (CSV.- 5HLRY6WE7FGTEVAL), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato de "Contratación de Lérez Ediciones, S.L., para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2025". (Núm. Expte. 2024073201)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil Lérez ediciones, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LÉREZ EDICIONES, S.L. (B-36.003.549)	7.024,79€	202500011666	17/01/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- SF6XYRVL0XVB4K5C), no cal sinala que "(...) a empresa adxudicataria Lérez ediciones, S.L., (B-36.003.549), *cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 7.024,79 euros.. (...).*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 7YDA4QGKPABH46B5), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Lérez ediciones, S.L. (B-36.003.549), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

En base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de "Contratación de Lérez ediciones, S.L. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2025" (Núm. Expte. 2024073201), sen que existan obrigas pendentes.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 58



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil Lérez ediciones, S.L., (B-36.003.549), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- A constituída, mediante aval emitido pola entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (NIF A-70.302.039) “Aval inscrito en el Registro especial de avales, con el nº 693943”, por importe de sete mil vinte e catro euros con setenta e nove céntimos (7.024,79 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/01/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12025000016332 (Número de Carta de Pago 202500011666).

21.36110.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTES. 2025081939 E 2026006837)

a) Vista a relación de operacións con número 2025081939 (CSV: D2RJD5TSY7WD7QVZ), que contén 2 operacións por un importe de 6.230,01 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a xunta de goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	6.230,01€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	6.230,01€

b) Vista a relación de operacións con número 2026006837 (CSV: ZQ4W3FLI3GIZUOJT), que contén 7 operacións por un importe de 17.887,63 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	18.310,78 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	423,15 €
Total líquido	17.887,63 €



22.36111.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES.
2025081931, 2026002350, 2026002618, 2026002688, 2026002902, 2026003833,
2026006756, 2026006765 E 2026007108)

a) Vista a relación de operacións con número 2025081931 (CSV: GGS3A3EUBHQH8VZL), que contén 64 operacións por un importe de 221.652,22 €, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	221.747,22 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	221.652,22 €

b) Vista a relación de operacións con número 2026002350 (CSV: 7TVFFPSFJCCJKHNY), que contén 51 operacións por un importe de 41.231,61 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	42.688,86 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	1.457,25 €
Total líquido	41.231,61 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026002618 (CSV: ZT1HOQHN4R3F5JF5), que contén 338 operacións por un importe de 152.104,58 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	153.432,51 €
IVE soportable deducible	31,65 €
Retencións	1.359,58 €
Total líquido	152.104,58 €



d) Vista a relación de operacións con número 2026002688 (CSV: 7XZWJW52L803ZZP5), que contén 7 operacións por un importe de 7.584,89 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	7.584,89 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	7.584,89 €

e) Vista a relación de operacións con número 2026002902 (CSV: 893XN4GDGNGRUO63), que contén 14 operacións por un importe de 293.856,99 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	294.103,99 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	247,00 €
Total líquido	293.856,99 €

f) Vista a relación de operacións con número 2026003833 (CSV: 8X4A2JC3ZPBMHVYV), que contén 2 operacións por un importe de 377,00 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	390,88 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	13,88 €
Total líquido	377,00 €



g) Vista a relación de operacións con número 2026006756 (CSV: Z0XJ3XQ5KSL9WJFJ), que contén 16 operacións por un importe de 8.717,04 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	8.748,54 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	31,50 €
Total líquido	8.717,04 €

h) Vista a relación de operacións con número 2026006765 (CSV: Z8RE4PPAVQXFPP9U) que contén 10 operacións por un importe de 49.329,37 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	49.329,37 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	49.329,37 €

i) Vista a relación de operacións con número 2026007108 (CSV: ZITTCPINFT27942C) que contén 1 operacións por un importe de 2.040,00 euros, visto o informe que formula a intervención desta deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.400,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	360,00 €
Total líquido	2.040,00 €



23.36112.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN 8 DA OBRA
“MELLORA DA DRENAXE NA EP 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO,
DENDE O PQ. 0+000 AO PQ. 0+950 (CONCELLO DE O PORRIÑO)
(EXPTE.2024070955)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 04/04/2025, acordou adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” (NIF B36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)”, por un importe de 283.442,90 € (IVE engadido) e un prazo de execución de SEIS (6) meses (CSV: VHEOA3R8OTNKZ2JY).

Resultando.- Que con data 20/05/2025 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/11/2025 (CSV: NE2G1D2KOUQUIRW).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/11/2025 acordou conceder á empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” unha ampliación de prazo de UN (1) mes na execución do contrato de obras “Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)”, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/12/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas (CSV: Q4OCZK121S3T50S9).

Resultando.- Que o día 04/02/2026 a directora de obra emite o seguinte informe (CSV: AYL5AY8SWW5X6EST):

“Na última certificación ordinaria emitida (certificación núm. 8 correspondente aos traballos realizados en decembro de 2025), non se pode certificar a totalidade da obra ao non estar finalizada.

Unicamente quedan por executar as unidades de sinalización horizontal: marcas viarias e captafaros. Ditos traballos previsiblemente se executarán nun único día laborable e supoñen arredor dun 1% do importe de adxudicación.

Non foi posible a execución dentro do prazo vixente debido a causas meteorolóxicas. A pavimentación do firme realizouse a finais de novembro pero nese prazo non houbo un día no que o firme presentase as condición axeitadas para poder realizar os traballos de pintura.

Por outra banda, se considera que esta causa de demora non é imputable ó contratista”.

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 8, esta devólvea informada en data 11/02/2026 (CSV: ZO33TQ93RGXWKFOD) concluíndo que “Dado que a certificación comprende unidades de obra que están executadas fóra do prazo fixado para elo, sen que o mesmo fose ampliado, ou se fíxase un novo prazo final para a terminación da obra, a aprobación da certificación debe realizarse polo procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”, e facendo as seguintes observacións:

“Apréciase unha demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público).



O prazo de execución da obra prorrogouse ata o 20/12/25 por acordo da Xunta de Goberno nº 19.35802 de data 21/11/2025.

Esta certificación comprende as obras executadas durante o período do 01/12/2025 ao 31/12/2025, quedando aínda obra pendente de executar, polo que non compre co prazo establecido no citado acordo.

A pesar de que consta no expediente informe de xustificación do incremento de prazo de execución, emitido pola directora de obra, non consta a aprobación de dita ampliación polo órgano de contratación”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gasto relativa á certificación núm. 8 da obra “Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)”, polo importe bruto de 20.852,72 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	26/456.4530.612.01.2024	20.852,72€
	Descontos	
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	579,28 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	477,27 €
	Total descontos	1.056,55 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	19.796,17 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



24.36113.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA A “REDONDELA FUTBOL SALA FS” PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “XLVI MUNDIALITO DA XUNQUEIRA” EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2025, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025. (EXPTE.2025018523)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, sesión ordinaria de 14 de novembro de 2025 (acordo 12.35773) acordou concederlle a “REDONDELA FUTBOL SALA FS” (CIF G36199073) para a realización da actividade “XLVI MUNDIALITO DA XUNQUEIRA” unha subvención de 2.744,28€.

O 31 de novembro de 2025 (Ref. WEB2025082038) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención concedida debido a o Concello de Redondela procedeu a sufragar todos os gastos de dita actividade.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o Fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 39, de 26 de febreiro de 2025.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento, salvo que téndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada por “Redondela fútbol sala FS” (CIF G36199073) á subvención concedida por importe de 2.744,28 € para a realización da actividade “XLVI Mundialito da Xunqueira”.
2. Declarar concluído o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Turismo, a Intervención e ao interesado.

25.36114.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA PARTICIPACIÓN DE TURISMO
RÍAS BAIXAS NA FEIRA ITB BERLÍN 2026. (EXPTE.2026006084)

A ITB de Berlín é un dos principais encontros internacionais da industria turística, que reúne cada ano a destinos, operadores turísticos, axencias de viaxes, aerolíneas e medios de comunicación especializados.

De conformidade coas competencias que lle atribúe o Real Decreto 425/2013, do 14 de xuño, o Instituto de Turismo de España, (Turespaña) convoca a entidades de promoción turística españolas e a empresas que ofrezan produtos e servizos turísticos en España a participar, dentro do Pavillón de Turespaña, na feira ITB, que se celebrará do 3 ao 5 de marzo de 2026, en Berlín, Alemaña.

O mercado alemán é estratéxico para Galicia e ocupa posicións destacadas como emisor internacional. A participación nesta feira, baixo o paraugas de Turespaña, constitúe unha acción prioritaria para a internacionalización e consolidación de marca Rías Baixas que obtería uns beneficios tales como o posicionamento reforzado de Rías Baixas no mercado alemán e internacional, o incremento da rede de contactos profesionais estratéxicos, a potenciación da imaxe de destino sostible, seguro e de calidade, e a contribución ao crecemento do turismo internacional na provincia de Pontevedra.



O servizo de turismo da Deputación de Pontevedra ten como fin promover e potenciar tódalas actividades que dalgunha maneira tendan ao fomento e desenvolvemento do turismo na provincia de Pontevedra, así como mellorar a imaxe turística da mesma, a través de diferentes accións e xestións.

A imaxe dun destino turístico considérase un requisito fundamental para o recoñecemento deste como destino consolidado, tanto desde o punto de vista da marca como desde o punto de vista da unidade que deberá transmitir, neste caso, unha provincia como Pontevedra, formada por 61 concellos cunha gran diversidade.

Un dos principais obxectivos dos xestores dun destino turístico é desenvolver mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio ao obxecto de atraer visitantes e turistas, e que a través do gasto destes, xeren competitividade ao tecido empresarial do destino. Desde o punto de vista do Servizo de Turismo de Rías Baixas, impulsar a competitividade do territorio supón desenvolver actuacións por parte da administración pública (nos seus diferentes niveis de organización), encamiñadas a mellorar a posición de Rías Baixas, as súas empresas e os diferentes produtos turísticos. Ademais, ser competitivo implica ser sostible nas diferentes dimensións: social, cultural, ambiental e por suposto, tamén na económica. As diferentes accións que se desenvolverán neste apartado servirán para garantir o normal desenvolvemento da actividade turística e, por tanto, para mellorar a competitividade de Rías Baixas como destino turístico. Unha destas accións consiste na participación en feiras tanto nacionais como internacionais, priorizando os mercados de interese, e seleccionando coidadosamente aqueles eventos nos que Turismo Rías Baixas terá presenza.

A feira ITB, que se celebra anualmente en Berlín, é un dos principais encontros profesionais da industria turística mundial, reunindo a destinos, operadores turísticos, axencias de viaxes, aerolíneas e medios de comunicación especializados.

A participación de Turismo Rías Baixas neste evento, permitirá:

- Potenciar a visibilidade da provincia de Pontevedra no mercado alemán.
- Xerar contactos profesionais con operadores turísticos, axencias de viaxes, compañías aéreas e medios especializados.
- Reforzar a imaxe de Rías Baixas como destino turístico sostible, seguro e de calidade.

A presenza da Deputación de Pontevedra cun mostrador no stand de Turespaña resulta dunha importancia excepcional xa que:

- Garante a presenza de Rías Baixas nun espazo de referencia internacional, dentro da marca España e produce un incremento da notoriedade de marca e posicionamento, no mercado alemán e internacional.
- Permite optimizar recursos ao integrarse na oferta promocional nacional, beneficiándose da notoriedade e deseño do stand institucional conseguindo un maior retorno en medios e canles profesionais.
- Facilita reunións profesionais nunha contorna adecuada para a negociación e comercialización o que permite a ampliación da rede de contactos con axentes clave do sector turístico
- Reforza a colaboración institucional con Turespaña e a Xunta de Galicia en accións conxuntas de promoción exterior.
- Contribúe ao incremento do turismo internacional na provincia de Pontevedra.



CONCLUSIÓN

A asistencia de Turismo Rías Baixas á ITB de Berlín configúrase como unha acción estratéxica clave dentro da política de promoción e internacionalización do destino. Máis alá da presenza nunha das feiras profesionais máis relevantes do mundo, esta participación supón unha oportunidade real para consolidar a marca Rías Baixas no mercado alemán e noutros mercados internacionais prioritarios, aproveitando un espazo de alta visibilidade baixo o paraugas institucional de Turespaña.

A presenza na ITB permite reforzar a imaxe da provincia de Pontevedra como un destino competitivo, sostible, seguro e de calidade, ao tempo que facilita a xeración de contactos profesionais con operadores, axencias, compañías aéreas e medios especializados, fundamentais para a comercialización e difusión da oferta turística. Do mesmo xeito, a integración no stand de Turespaña garante unha optimización dos recursos públicos, incrementando o retorno promocional e fortalecendo a cooperación institucional con outros organismos de promoción turística.

En definitiva, a participación de Turismo Rías Baixas na ITB de Berlín responde a unha visión planificada e coherente de desenvolvemento turístico, orientada a mellorar o posicionamento internacional do destino, impulsar a competitividade do tecido empresarial e contribuír ao crecemento sostible do turismo internacional na provincia de Pontevedra, respectando a diversidade e identidade dun territorio plural e con grande potencial.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

- Quedar enterada da “Participación de Turismo Rías Baixas na feira ITB Berlín 2026”.

26.36115.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO DA PARTICIPACIÓN DE TURISMO RÍAS BAIXAS NA FEIRA BTL LISBOA 2026. (EXPTE. 2025071455)

A BTL é o punto de encontro dos profesionais vinculados á zona turística e ámbito de aplicación das últimas tendencias neste mercado. As axencias de viaxes, operadores de turismo, oficinas de promoción turística en varios países, o turismo gastronómico e produtos de viaxes de negocios e servizos en xeral, reúnense cada ano en BTL a presentar a súa oferta ao mercado e ao público en xeral con ofertas especiais.

O evento tamén conta cun amplo programa de talleres, oportunidades para a creación de redes para as actividades profesionais e culturais para o público en xeral.

A participación en BTL permite a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra:

- Promocionar a oferta turística integral da provincia de Pontevedra baixo a marca Rías Baixas.
- Consolidar a posición da provincia no mercado portugués, clave pola súa proximidade xeográfica e afinidade cultural.
- Ampliar a rede de contactos con operadores turísticos, axencias de viaxe, medios de comunicación e profesionais do sector turístico internacional.



- Difundir os produtos turísticos vinculados á identidade da provincia:
 - o Turismo deportivo
 - o Turismo cultural e patrimonial
 - o Turismo de natureza e activo
 - o Enoturismo e gastronomía
 - o Turismo costeiro, náutico e de benestar
 - o Camiño de Santiago e experiencias sostibles
- Colaborar con Turismo de Galicia e outros organismos de promoción para fortalecer a imaxe global do destino Galicia.

Durante a feira desenvolveranse diversas accións de promoción, entre elas:

- Atención ao público profesional e xeneral desde o stand de Turismo Rías Baixas.
- Presentación de novas propostas turísticas e experiencias sostibles.
- Reunións con operadores turísticos portugueses e internacionais
- Difusión de materiais promocionais en portugués e inglés, tanto impresos como dixitais.
- Participación en encontros profesionais e eventos paralelos organizados pola feira.

A participación de Turismo Rías Baixas en feiras de turismo, enmarcada na Estratexia Rías Baixas Turismo 61, constitúe un pilar fundamental para a internacionalización do destino, a diversificación de produtos e a consolidación dun modelo turístico sostible, competitivo e de futuro.

A Deputación de Pontevedra, a través de Turismo Rías Baixas, considera fundamental a presenza en feiras de turismo tanto nacionais como internacionais, como ferramenta estratéxica de promoción, comercialización e posicionamento do destino.

A presenza na BTL 2026 permitirá:

- Incrementar a notoriedade e posicionamento da marca Rías Baixas no mercado portugués.
- Xerar novas oportunidades de colaboración con axentes turísticos internacionais.
- Potenciar a imaxe do destino como referente de turismo sostible, de calidade e de proximidade.
- Favorecer a atracción de visitantes á provincia de Pontevedra fóra da tempada alta, contribuíndo á desestacionalización do turismo.

CONCLUSIÓN

A participación de Turismo Rías Baixas na BTL de Lisboa dende o 26 de febreiro ata o 1 de marzo configúrase como unha acción estratéxica esencial para o fortalecemento e consolidación da marca Rías Baixas no mercado portugués, un mercado prioritario pola súa proximidade xeográfica, afinidade cultural e elevado potencial como emisor turístico. A presenza neste encontro profesional de referencia permite presentar de maneira integral e cohesionada a diversidade e singularidade da oferta turística da provincia de Pontevedra, reforzando a súa visibilidade e posicionamento internacional.



A BTL constitúe un espazo privilexiado para a xeración de contactos profesionais, a creación de novas alianzas con operadores, axencias e medios especializados, así como para a detección de tendencias e oportunidades que contribúan á innovación e á mellora da competitividade do destino. Ao mesmo tempo, posibilita a difusión de produtos turísticos estreitamente ligados á identidade do territorio, como o turismo cultural, deportivo, de natureza, gastronómico, enolóxico, costeiro e de benestar, así como as experiencias sostíbeis vinculadas ao Camiño de Santiago.

En definitiva, a asistencia á BTL de Lisboa 2026 reforza o compromiso da Deputación de Pontevedra, a través de Turismo Rías Baixas, cun modelo turístico sostíbe, competitivo e diversificado, alineado cos obxectivos da Estratexia Rías Baixas Turismo 61. Esta acción contribúe á internacionalización do destino, á desestacionalización da demanda turística e á consolidación da provincia de Pontevedra como un destino de calidade, de proximidade e con vocación de futuro.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Quedar enterada da “Participación de Turismo Rías Baixas na feira BTL Lisboa 2026”.

27.36116.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB SAN MIGUEL DE MARÍN “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (ATLETISMO)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/09/2025. (EXPTE. 2025033905)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055)e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 16/05/2025 Carlos de la Torre Allariz, en representación do CLUB SAN MIGUEL DE MARIN (NIF: G36109148) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Atletismo”, achegando un orzamento da actividade por importe de 6.994,58 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CLUB SAN MIGUEL DE MARIN (NIF: G36109148)e na contía de 899,93 € para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 08/02/2026 o CLUB SAN MIGUEL DE MARIN (NIF: G36109148) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida debido a imposibilidade de cubrir as partidas de material e gastos sanitarios.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/02/2026 a renuncia presentada polo CLUB SAN MIGUEL DE MARIN (NIF: G36109148).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa



aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club San Miguel de Marín* (NIF: G36109148) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 899,93 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Atletismo” (documento co CSV: W9HOOK0BAL2VOBMF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

28.36117.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA
AO KELTOI CRUCES “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (LOITA)”
APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/09/2025. (EXPTE. 2025034189)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 19/05/2025 Sonia García Sueiro, en representación do Keltoi Cruces (NIF: G36373132) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Loita”, achegando un orzamento da actividade por importe de 5.000,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o Keltoi Cruces (NIF: G36373132) e na contía de 1.041,58 € para a actividade solicitada.



Cuarto.- En data 05/02/2026 o Kelttoi Cruces (NIF: G36373132) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida debido a non poder xustificala adecuadamente.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 11/02/2026 a renuncia presentada polo Kelttoi Cruces (NIF: G36373132).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 73



aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Keltoi Cruces* (NIF: G36373132) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.041,58 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal - Loita” (documento co CSV: UDMJWCPY47NP4UEW).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29.36118.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VIVENDA NO CONCELLO DE A CAÑIZA (EXPTF. 2025013275)

Dada conta que con data de rexistro 11/03/2025 (rex. núm. WEB2025016400), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Manuel Rodríguez Álvarez en representación de OCCIDENT GCO, SAU de Seguros y Reaseguros, por danos nunha vivenda asegurada na citada compañía, e sita en Parada das Achas nº 21, no Concello de A Cañiza, producidos, segundo manifesta, a consecuencia das intensas choivas caídas o día 04/11/2023, que deron lugar a que entrase en carga o alcantarillado da rúa –que non está ben dimensionado- provocando a inundación da planta baixa, e cuxa cuantificación económica ascende a 484,08 €.

Resultando.- Que o reclamante relata na instancia que: *“El pasado 4 de noviembre de 2023, debido a las intensas lluvias caídas ese día, se produjo la inundación de la planta baja de la vivienda asegurada por mi representada, causando daños en la pintura de la pared, anegando el suelo y dañando un mueble de la cocina (...)”*.

Resultando.- Que xunto coa documentación aportada, figura informe do Encargado provisional de Obras e Servizos do Concello de A Cañiza, que considera que: *“Estas filtracións de auga son ocasionadas pola canalización das augas pluviais e de regadío que discorren pola E.P. 5002, polo cal enténdese que non é competencia municipal a súa reparación, correspondendo á Deputación de Pontevedra, titularidade desa vía pública”*.



Resultando.- Que xunto coa instancia, achega o reclamante informe pericial no que se recolle que: *“El origen del siniestro es una inundación de la planta baja de la vivienda debido a las intensas lluvias caídas el 04/11/2023. Debido a estas intensas lluvias, el alcantarillado de la calle entra en carga y no es capaz de desaguar toda el agua de lluvia que cae. Debido a esto, el agua entra en la vivienda colindante por la zona de las cuerdas, inundándolas. Esta agua se transmite por la pared medianera a la estancia salón/cocina de la planta baja, generando daños en la pintura de la pared y anegando el suelo. Se ha dañado un mueble de cocina hinchando sus tres puertas y su frontal. La asegurada me comenta que hace varios años había pasado algo similar. Se considera que este alcantarillado no está bien dimensionado para soportar intensas precipitaciones”*.

Resultando.- Que con data 27/03/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi remitido na data 08/10/2025.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2025007296, de data 08/09/2025, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o expediente por atoparse o mesmo, nese intre procedimental, pendente do informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que, tal e como se sinalou, con data 08/10/2025, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite o citado informe, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A vivenda na que se localizan os danos reclamados se sitúa no borde da EP-5002 (p.q. 0+990 da marxe esquerda). Esta estrada pertencente á rede de estradas provinciais.



SEGUNDO.- A rede de pluviais é un sistema compartido coa rede de regadío da zona. Augas arriba da casa (80 ml antes desta) na marxe dereita hai unha fonte (lavadoiro), e as augas logo son recollidas nunha canalización que cruza ó outro lado da estrada, no que máis adiante se sitúa a casa.





Na marxe esquerda o sistema de augas lonxitudinalmente está constituída por unha cuneta (pluviais), tuberías e arquetas (cruce da auga da levada e regadío e cruces de sumidoiros localizados na marxe dereita que aportan auga á tubería situada na marxe esquerda). A tubería é de 500 mm de diámetro, recibindo no tramo aportacións de auga dos cruzamentos dos sumidoiros e habendo antes da casa en cuestión dúas saídas de auga da rede para o sistema de regadío. O diámetro da tubería é de 500, e vaise reducindo unha vez derivada a auga ó regadío de tal xeito que diante da casa a tubaxe é de diámetro 300.

Dentro das arquetas tamén se observan mangueriras de auga, o que constata o uso compartido da recollida de augas pluviais para o sistema de rego e abastecemento ás vivendas, empregado por parte dos veciños ditas instalación e sendo isto polo tanto un sistema non exclusivo da rede de drenaxe da estrada dependente deste organismo.

Antes da edificación afectada se atopan dúas derivacións da levada ou regadío, polas que debería discorrer a auga excedente no caso de que o tubo entre en carga.



TERCEIRO.- No informe pericial consta que a propietaria do inmovible indica que suceden algo similar fai varios anos, o que indica que esta non é unha situación recorrente, xa que unicamente se da por causas extraordinarias e non habituais.

A casa está a un nivel inferior que a estrada, polo que esta debería ter un sistema de recollida (canaleta, rexa, sumidoiro) na entrada para recoller as augas que circulen superficialmente pola estrada e non se observa ningún elemento deste tipo.

CUARTO.- Non hai constancia de outros accidentes similares acontecidos no lugar en datas anteriores ou posteriores.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e iso debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que semellan eximila de responsabilidade:

- Tanto o reclamante na súa instancia como o perito que realiza o informe pericial aportado manifestan que a inundación ten lugar debido ás intensas choivas caídas ese día.
- Na marxe esquerda, o sistema de augas está constituído por unha cuneta de pluviais, tuberías e arquetas (cruce da auga da levada e regadío e cruces de sumidoiros localizados na marxe dereita que aportan auga á tubería situada na marxe esquerda).
- A tubería é de 500 mm de diámetro, recibindo no tramo aportacións de auga dos cruzamentos dos sumidoiros e habendo antes da casa en cuestión dúas saídas de auga da rede para o sistema de regadío.
- Dentro das arquetas tamén se observan mangueras de auga, o que constata o uso compartido da recollida de augas pluviais para o sistema de rego e abastecemento das vivendas, empregado polos veciños, sendo isto, polo tanto, un sistema non exclusivo da rede de drenaxe da estrada dependente deste organismo.
- Antes da edificación afectada, atópanse dúas derivacións da levada ou regadío polas que debería discorrer a auga excedente no caso de que o tubo entre en carga.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 77



- No informe pericial consta que a propietaria do inmovible indica que sucedeu algo similar fai varios anos, o que indica que esta non é unha situación recorrente, xa que unicamente se da por causas extraordinarias.
- A casa está a un nivel inferior que a estrada, polo que debería ter un sistema de recollida (canaleta, rexa, sumidoiro) na entrada para recoller as augas que circulen superficialmente pola estrada.
- Non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que o artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, establece que os predios inferiores están suxeitos a recibir as augas que naturalmente e sen obra do home descendan dos predios superiores.

Considerando.- Que tramitados procedementos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, ó considerarse suficiente a rede de drenaxe de pluviais; e que atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que a Sentenza 218/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, desestima a demanda contra a Deputación por danos nunha finca a consecuencia das augas pluviais provenientes da estrada provincial dada a insuficiencia probatoria da imputabilidade do dano ó funcionamento do servizo público, ao producirse as inundacións en momentos puntuais de fortes choivas.

Considerando.- Que en supostos similares, os Xulgados desestimaron os recursos presentados: a Sentenza 133/2021, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de O Porriño, de 13/07/2021, en Autos de Procedemento Ordinario 0000357/2019, e a Sentenza 187/2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditos precedentes obran na Asesoría Xurídica da Deputación) nos que, exonerando á Deputación da reclamación económica, veuse dicir, respectivamente, que é preciso acreditar a disfuncionalidade da infraestrutura para poder atribuír os danos á Administración -na primeira delas- e que é necesario acreditar cabalmente os danos e prexuízos e establecer unha relación de causalidade indubitada entre a pretensión indemnizatoria e o funcionamento do servizo público -na segunda- que, obxectivamente, non se aprecia no presente suposto.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 78



30.36119.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE CAMBADOS (EXPTE. 2026000448)

Dada conta que con data 24/12/2025 (núm. rex. 2025023652), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D. Roberto Fernández Fernández, por danos en vehículo, producidos o día 29/01/2025, a consecuencia da presenza duns pequenos troncos no carril dereito da estrada SDN 0,547 Quintáns –población de A Barca– no Concello de Cambados, e que cuantificou economicamente en 720,71 €.

Resultando.- Que con data 09/01/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 05/02/2026, co seguinte contido:

O lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas.

O punto onde tivo lugar o accidente trátase dun vial municipal do Concello de Cambados no lugar de Quintáns, parroquia de Castrelo.

Este vial enlaza coa estrada comarcal C-550 Cambados (V.G.4.3) – A Lanzada (PO-308).





Por tanto o lugar onde aconteceu é competencia do Concello de Cambados.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 80



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

31.36120.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE POR DANOS MATERIAIS PRODUCIDOS POR CAÍDA NUN PASO DE PEÓNS DO CONCELLO DE BAIONA. (EXPTE. 2025081272)

Dada conta que con data 16/12/2025 (núm. rex. 2025023046), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.^a Teresa Rodríguez Marcote, por danos producidos por mor dunha caída, o día 12/04/2024, cando cruzaba o paso de peóns da glorietta Luis Calleja, no Concello de Baiona, a consecuencia dun socavo existente no mesmo, e que cuantificou economicamente en 1.081,50 €.

Resultando.- Que con data 09/01/2026, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 04/02/2026, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase no paso de peóns que existe no linde da EP-2202 coa glorietta de titularidade municipal.

Considérase que dita localización NON pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.



SEGUNDO.- Ao localizarse a caída no tramo entre dúas glorietas de distinta titularidade (unha municipal e outra da Deputación), xustifícase a continuación o límite da titularidade da estrada provincial.

No ano 2003 obsérvase a glorieta de maior diámetro que é de titularidade municipal construída, e a estrada provincial, que discorre polo norte da mesma, non chega ata o límite actual de ambas, existindo uns ramais de conexión para acceder dende a glorieta á estrada provincial que son municipais.



Coa construción da glorieta pequena, se ocupa parte de dita intersección, mellorando a mobilidade e a xestión do tráfico rodado. Dita ocupación se realiza ata o borde dos pasos de peóns actuais. O dominio público da Deputación provincial pasa a ser o seguinte:

ZONA SOMBREADA EN GRIS DELIMITADA POR LIÑAS AZUIS:



TERCEIRO. - A día de hoxe a superficie atópase pavimentada e pintada, e compróbase que ditas obras realizáronse en datas recentes, non sendo este organismo o que realizou tales obras, o que confirma a non titularidade provincial do tramo en cuestión.





CUARTO.- A tubería na que tropezou a reclamante semella unha acometida á rede de pluviais ou saneamento, instalacións de titularidade e xestión municipal. Visitado o lugar dos feitos non se observa ningún sumidoiro nin restos de canalización.

O tipo de tubo (PVC gris de pequeno diámetro) non é o empregado pola Deputación para a recollida de augas pluviais da estrada, parecendo ser una acometida ou conducción da rede municipal.

QUINTO.- Os operarios que estaban a traballar nas inmediacións e que colaboraron no momento dos feitos non son operarios do servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial polo que é probable que fosen obras municipais ou de terceiros (empresas de servizos).

SEXTO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa.

María Elena Pérez Alonso

*Enxeñeiro*_____

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial de Pontevedra pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifiestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

32.36121.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, CON OPCIÓN DE COMPRA, SOBRE AS PARCELAS E-14, E-15 E E-16 RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO. (EXPTE. 2024001682)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme da Secretaría Xeral, de data 9 de febreiro de 2026 (CSV):2IP0YUN1UH12W6IP que textualmente di:

“...A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 16 de febreiro de 2024, (acordo nº 10.33486), acordou o alleamento por adxudicación directa, a favor da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA, S.A., con CIF nº A36031185, das parcelas E-14, E-15 e E-16 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, optando por pagar o 100% do prezo total no acto de sinatura das escrituras públicas de compravenda, conforme ao seguinte detalle:

Parcela E-14, de 2.772,80 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 274.507,20 €. O prezo total, IVE incluído, é de 332.153,71 € (274.507,20 € + 57.646,51 € de IVE)

Parcela E-15, de 2.772,80 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 274.507,20 €. O prezo total, IVE incluído, é de 332.153,71 € (274.507,20 € + 57.646,51 € de IVE)

Parcela E-16, de 2.907,32 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 287.824,68 €. O prezo total IVE incluído, é de 348.267,86 € (287.824,68 € + 60.443,18 € de IVE).

Posteriormente, e antes da sinatura das escrituras públicas de compravenda, a empresa trasladou aos responsables do SAIM que estaban pendentes da concesión dunha subvención que tiñan solicitado para inversións en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrícolas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feder)-MR340A, estando en tramitación os expedientes relativos á declaración de impacto ambiental e da licenza municipal.



Non obstante o anterior, demoras e problemas na tramitación ambiental do expediente provocaron que a empresa tivera que renunciar á solicitude de subvención e non se elevase a escritura pública a compravenda das devanditas parcelas.

Tras diversas reunións mantidas de cara a impulsar os expedientes ou liberar as parcelas para a súa posta no mercado, o 29 de xaneiro de 2026 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web2026005591), escrito de D. Andrés Lago Lage, actuando en nome e representación da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA S.A., con CIF nº A36031185, a través do cal solicita de maneira motivada a constitución ao favor de dita empresa dun dereito de superficie, con opción de compra, sobre as parcelas E-14, E-15 e E-16.

Así mesmo, a empresa aportou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coas Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social; tamén constan depositadas na Tesourería Provincial as garantías esixidas na cláusula 18ª do PCAP, equivalentes ao 100% do canon anual, sen IV/E, segundo o seguinte detalle:

Parcela E-14, DEZASEIS MIL CATROCENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (16.470,43 €) operación OCVD-CVD, co número 202400029552

Parcela E-15, DEZASEIS MIL CATROCENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (16.470,43 €) operación OCVD-CVD, co número 202400017344

Parcela E-16, DEZASETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (17.269,48 €) operación OCVD-CVD, co número 202400017345

Tendo en conta que a documentación presentada cumpre cos requisitos establecidos nos pregos, propónse conceder ao interesado un dereito de superficie con opción de compra sobre ditas parcelas, nos seguintes termos:

O dereito de opción de compra que se concede, en virtude da formalización do presente contrato, será gratuito.

Poderase exercer o dereito de opción de compra, no sentido de adquirir a propiedade das parcelas obxecto do presente contrato, dentro dos cinco primeiros anos, para o cal o superficiario terá que comunicar de forma fidedigna á Deputación a súa intención de exercer o dereito de opción de compra; de non exercitarse a opción de compra conforme ao estipulado anteriormente, o canon a abonar polo superficiario experimentará un incremento automático en dous puntos porcentuais respecto do canon vixente na quinta anualidade.

No caso de que o contratista decidise adquirir a propiedade das parcelas, a compravenda formalizarase de conformidade coas seguintes condicións:

a) O prezo total da compravenda será actualizado coas variacións experimentadas polo Índice de Prezos ao Consumo que, de forma acumulativa e cun límite máximo de variación anual do 1,5% e mínimo do 0%, tivesen lugar ata o momento en que se exercite polo superficiario o dereito de opción de compra.

b) Ao pago do prezo total, determinado na forma indicada no apartado anterior, aplicaranse os seguintes importes pagados polo superficiario, en función da anualidade en que se exercite o dereito de opción de compra:

- O 100% do canon satisfeito pola primeira anualidade.*
- O 100% do canon satisfeito pola segunda anualidade.*
- O 90% do canon satisfeito pola terceira anualidade.*
- O 80% do canon satisfeito pola cuarta anualidade.*
- O 75% do canon satisfeito pola quinta anualidade.*

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 86



c) Respecto da forma de pago do prezo total resultante, o adquirente poderá elixir unha das seguintes opcións:

- Opción A): Abonar o 100% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de firma da escritura pública de compra venda; e

- Opción B): Fraccionar o pago da seguinte forma:

- abonar o 25% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de firma da escritura pública de compravenda; e
- abonar o 75% restante do prezo total resultante, de forma fraccionada. Esta proposta de pago fraccionado terá que comunicarse á Deputación con carácter previo e por tempo suficiente, ao acto de firma da escritura pública de compravenda, para a súa autorización e aprobación expresa pola Deputación.

d) Se no momento de exercitarse a opción de compra aínda non se iniciou a actividade ou se de iniciarse aínda non transcorrese un ano desde a data de inicio da mesma, o adquirente virá obrigado a constituír a garantía definitiva a que se refire o apartado 1) da cláusula décimo novena do presente Prego (garantía definitiva na modalidade de compra en firme), nos termos e condicións previstos na devandita cláusula.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA S.A., con CIF nº A36031185, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre as parcelas E-14, E-15 e E-16 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), con opción de compra, nos termos expostos.

En consecuencia, propónse deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno nº 10.33486, de data 16.02.2024, de alleamento por adxudicación directa das citadas parcelas a favor da empresa LAGO AVES, HUEVOS Y CAZA, S.A., ao optar agora por un dereito de superficie.”

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 11 de febreiro de 2026, (CSV):GW2RH4HICX4L26L1, que inclúe os seguintes cadros de financiación:

“...

Respecto da parcela E-14, (2.772,80 metros) resulta:

PARCELA E-14 [2.772,80 m²*99,00€/m² (sen IVE)] DEREITO SUPERFICIE
INICIO: 01/03/2026

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2026	13.725,36 €	2,32%	0,00 €	13.725,36 €	2.882,33 €	16.607,69 €	PERIODO: 01/03/26 A 31/12/26 (10 MESES)
2	2027	16.470,43 €	2,32%	382,11 €	16.852,54 €	3.539,03 €	20.391,57 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 87



3	2028	16.852,54 €	2,32%	390,98 €	17.243,52 €	3.621,14 €	20.864,66 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
4	2029	17.243,52 €	2,32%	400,05 €	17.643,57 €	3.705,15 €	21.348,72 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
5	2030	17.643,57 €	2,32%	409,33 €	18.052,90 €	3.791,11 €	21.844,01 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2031	21.960,58 €	2,32%	2.668,40 €	24.628,98 €	5.172,09 €	29.801,07 €	SE NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2032	24.628,98 €	2,32%	571,39 €	25.200,37 €	5.292,08 €	30.492,45 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2033	25.200,37 €	2,32%	584,65 €	25.785,02 €	5.414,85 €	31.199,87 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2034	25.785,02 €	2,32%	598,21 €	26.383,23 €	5.540,48 €	31.923,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2035	26.383,23 €	2,32%	612,09 €	26.995,32 €	5.669,02 €	32.664,34 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2036	26.995,32 €	2,32%	626,29 €	27.621,61 €	5.800,54 €	33.422,15 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
12	2037	27.621,61 €	2,32%	640,82 €	28.262,43 €	5.935,11 €	34.197,54 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
13	2038	28.262,43 €	2,32%	655,69 €	28.918,12 €	6.072,81 €	34.990,93 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2039	28.918,12 €	2,32%	670,90 €	29.589,02 €	6.213,69 €	35.802,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2040	29.589,02 €	2,32%	686,47 €	30.275,49 €	6.357,85 €	36.633,34 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2041	30.275,49 €	2,32%	702,39 €	30.977,88 €	6.505,35 €	37.483,23 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 88



17	2042	30.977,88 €	2,32%	718,69 €	31.696,57 €	6.656,28 €	38.352,85 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2043	31.696,57 €	2,32%	735,36 €	32.431,93 €	6.810,71 €	39.242,64 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2044	32.431,93 €	2,32%	752,42 €	33.184,35 €	6.968,71 €	40.153,06 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2045	33.184,35 €	2,32%	769,88 €	33.954,23 €	7.130,39 €	41.084,62 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2046	33.954,23 €	2,32%	787,74 €	34.741,97 €	7.295,81 €	42.037,78 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2047	34.741,97 €	2,32%	806,01 €	35.547,98 €	7.465,08 €	43.013,06 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2048	35.547,98 €	2,32%	824,71 €	36.372,69 €	7.638,26 €	44.010,95 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2049	36.372,69 €	2,32%	843,85 €	37.216,54 €	7.815,47 €	45.032,01 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2050	37.216,54 €		863,42 €	38.079,96 €	7.996,79 €	46.076,75 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Respecto da parcela E-15, (2.772,80 metros) resulta:

DEREITO SUPERFICIE

PARCELA E-15 [2.772,80 m²*99,00€/m² (sen IVE)]

INICIO: 01/03/2026

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2026	13.725,36 €	2,32%	0,00 €	13.725,36 €	2.882,33 €	16.607,69 €	PERIODO: 01/03/26 A 31/12/26 (10 MESES)
2	2027	16.470,43 €	2,32%	382,11 €	16.852,54 €	3.539,03 €	20.391,57 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



3	2028	16.852,54 €	2,32%	390,98 €	17.243,52 €	3.621,14 €	20.864,66 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
4	2029	17.243,52 €	2,32%	400,05 €	17.643,57 €	3.705,15 €	21.348,72 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
5	2030	17.643,57 €	2,32%	409,33 €	18.052,90 €	3.791,11 €	21.844,01 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2031	21.960,58 €	2,32%	2.668,40 €	24.628,98 €	5.172,09 €	29.801,07 €	SE NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2032	24.628,98 €	2,32%	571,39 €	25.200,37 €	5.292,08 €	30.492,45 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2033	25.200,37 €	2,32%	584,65 €	25.785,02 €	5.414,85 €	31.199,87 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2034	25.785,02 €	2,32%	598,21 €	26.383,23 €	5.540,48 €	31.923,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2035	26.383,23 €	2,32%	612,09 €	26.995,32 €	5.669,02 €	32.664,34 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2036	26.995,32 €	2,32%	626,29 €	27.621,61 €	5.800,54 €	33.422,15 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
12	2037	27.621,61 €	2,32%	640,82 €	28.262,43 €	5.935,11 €	34.197,54 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
13	2038	28.262,43 €	2,32%	655,69 €	28.918,12 €	6.072,81 €	34.990,93 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2039	28.918,12 €	2,32%	670,90 €	29.589,02 €	6.213,69 €	35.802,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2040	29.589,02 €	2,32%	686,47 €	30.275,49 €	6.357,85 €	36.633,34 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2041	30.275,49 €	2,32%	702,39 €	30.977,88 €	6.505,35 €	37.483,23 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



17	2042	30.977,88 €	2,32%	718,69 €	31.696,57 €	6.656,28 €	38.352,85 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2043	31.696,57 €	2,32%	735,36 €	32.431,93 €	6.810,71 €	39.242,64 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2044	32.431,93 €	2,32%	752,42 €	33.184,35 €	6.968,71 €	40.153,06 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2045	33.184,35 €	2,32%	769,88 €	33.954,23 €	7.130,39 €	41.084,62 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2046	33.954,23 €	2,32%	787,74 €	34.741,97 €	7.295,81 €	42.037,78 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2047	34.741,97 €	2,32%	806,01 €	35.547,98 €	7.465,08 €	43.013,06 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2048	35.547,98 €	2,32%	824,71 €	36.372,69 €	7.638,26 €	44.010,95 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2049	36.372,69 €	2,32%	843,85 €	37.216,54 €	7.815,47 €	45.032,01 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2050	37.216,54 €		863,42 €	38.079,96 €	7.996,79 €	46.076,75 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Respecto da parcela E-16, (2.907,32 metros) resulta

PARCELA E-16 [2.907,32 m² *99,00€/m² (sen IVE)]

DEREITO SUPERFICIE
INICIO: 01/03/ 2026

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENT O CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2026	14.391,23 €	2,32%	0,00 €	14.391,23 €	3.022,16 €	17.413,39 €	PERIODO: 01/03/26 A 31/12/26 (10 MESES)
2	2027	17.269,48 €	2,32%	400,65 €	17.670,13 €	3.710,73 €	21.380,86 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
3	2028	17.670,13 €	2,32%	409,95 €	18.080,08 €	3.796,82 €	21.876,90 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Xunta de Goberno 20/02/2026

Acta Páx. 91



4	2029	18.080,08 €	2,32%	419,46 €	18.499,54 €	3.884,90 €	22.384,44 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
5	2030	18.499,54 €	2,32%	429,19 €	18.928,73 €	3.975,03 €	22.903,76 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2031	23.025,97 €	2,32%	2.797,86 €	25.823,83 €	5.423,00 €	31.246,8 €	SE NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2032	25.823,83 €	2,32%	599,11 €	26.422,94 €	5.548,82 €	31.971,76 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2033	26.422,94 €	2,32%	613,01 €	27.035,95 €	5.677,55 €	32.713,50 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2034	27.035,95 €	2,32%	627,23 €	27.663,18 €	5.809,27 €	33.472,45 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2035	27.663,18 €	2,32%	641,79 €	28.304,97 €	5.944,04 €	34.249,01 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2036	28.304,97 €	2,32%	656,68 €	28.961,65 €	6.081,95 €	35.043,60 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
12	2037	28.961,65 €	2,32%	671,91 €	29.633,56 €	6.223,05 €	35.856,61 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
13	2038	29.633,56 €	2,32%	687,50 €	30.321,06 €	6.367,42 €	36.688,48 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2039	30.321,06 €	2,32%	703,45 €	31.024,51 €	6.515,15 €	37.539,66 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2040	31.024,51 €	2,32%	719,77 €	31.744,28 €	6.666,30 €	38.410,58 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2041	31.744,28 €	2,32%	736,47 €	32.480,75 €	6.820,96 €	39.301,71 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



17	2042	32.480,75 €	2,32%	753,55 €	33.234,30 €	6.979,20 €	40.213,50 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2043	33.234,30 €	2,32%	771,04 €	34.005,34 €	7.141,12 €	41.146,46 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2044	34.005,34 €	2,32%	788,92 €	34.794,26 €	7.306,79 €	42.101,05 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2045	34.794,26 €	2,32%	807,23 €	35.601,49 €	7.476,31 €	43.077,80 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2046	35.601,49 €	2,32%	825,95 €	36.427,44 €	7.649,76 €	44.077,20 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2047	36.427,44 €	2,32%	845,12 €	37.272,56 €	7.827,24 €	45.099,80 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2048	37.272,56 €	2,32%	864,72 €	38.137,28 €	8.008,83 €	46.146,11 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2049	38.137,28 €	2,32%	884,78 €	39.022,06 €	8.194,63 €	47.216,69 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2050	39.022,06 €		905,31 €	39.927,37 €	8.384,75 €	48.312,12 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie con opción de compra sobre as parcelas E14, E-15 e E-16 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, a favor da empresa *Lago Aves, Huevos y Caza*, S.A., conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 11 de febreiro de 2026, e cun prazo de vixencia de 25 anos.

Segundo. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o superficiario procederá ao ingreso da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso, máis o IVE correspondente, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarse factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “26/456-609.00 venta de parcelas polígono” no primeiro exercicio 2026.



Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresárase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinale na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra.

Terceiro. Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno nº 10.33486, de data 16.02.2024, de alleamento por adxudicación directa das citadas parcelas a favor da empresa *Lago Aves, Huevos y Caza*, S.A., ao optar agora por un dereito de superficie nos termos expostos.

33.36122.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN DO PALACETE DAS MENDOZA (SEDE TURISMO RÍAS BAIXAS)". (EXPTE. 2024039103)

Resultando.- Que o Palacete das Mendoza, propiedade da Deputación de Pontevedra, é un edificio histórico, situado entre a avenida de Santa María e a rúa Arcebispo Malvar, no límite oeste do casco antigo de Pontevedra, albergando actualmente a sede central de Turismo Rías Baixas.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de minimizar e evitar un deterioro progresivo do Palacete das Mendoza. En consecuencia compre realizar traballos de conservación e mantemento, que consisten principalmente en resolver as patoloxías existentes e minimizar e evitar un maior deterioro tanto dos elementos de fachada (muros, carpinterías, varandas, etc...) como dos espazos interiores, ademais de mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade.

Resultando.- Que tamén é necesario intervir sobre o peche perimetral da parcela, consistente nun zócalo de pedra sobre o que se instala un enreixado metálico e que actualmente se atopa moi deteriorado.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo arquitecto David Vázquez García, o proxecto básico e de execución das “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (Sede de Turismo Rías Baixas)” cun orzamento base de licitación de 373.973,91 € IVE Incluído ó que se lle asinou o código CSV: 59XXG1SK3YQYN60M, e a Memoria de Intervención, á que se lle asinou o código CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Turismo e Xuventude, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número 12026000013257, por importe de 307.735,79 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.632.03.2024 e RC número 12026000026255, por importe de 66.238,12 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.632.03.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: QTLC27TEIJKFQFAR.



Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 65V0TR1W0TFP446S, informe de supervisión favorable emitido pola arquitecta do Servizo de Arquitectura Dona Sara Piñón Esteban.

Considerando.- Que de conformidade coa D.T.1.ª 2.a) da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art. 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano. Cómpre sinalar, que consonte o art. 84 do PEPRICA, o Nivel III, protección estrutural, correspóndese cos edificios nos que interesa conservar integramente a súa fachada, patios interiores e elementos estruturais e tipolóxicos básicos.

Considerando.- Que de e conformidade co establecido no art. 351.1.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de conformidade coa lexislación aplicable, as intervención en inmobles catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

Considerando.- Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 07.08.2025 acordou conceder á Deputación de Pontevedra, licenza urbanística para a execución das obras recollidas no “Proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)” (CSV: 59XXG1SK3YQYN60M) e Memoria de Intervención (CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0), asinados o 25.04.2025.

Considerando.- Que respecto da licenza urbanística concedida polo Concello (CSV: ISHJZ874946GXPRS), convén sinalar que esta fixa, entre outros condicionantes, un prazo de seis (6) meses dende a súa notificación (8 de agosto de 2025) para o inicio das obras e de doce (12) meses para o seu remate. Sinala, asemade, que a falta de cumprimento dos prazos fixados determinará a iniciación do procedemento declarativo de incumprimento dos deberes urbanísticos co fin de acordar a caducidade da licenza. Aspecto que deberá ser tido en conta dado que, a día de hoxe, non é posible cumprir co primeiro prazo sinalado.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a memoria de intervención e o proxecto básico e de execución da obra “Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (Sede de Turismo Rias Baixas”, redactados polo arquitecto David Vázquez García, cun orzamento base de licitación de 373.973,91 € IVE engadido. Ó proxecto básico asignóuselle o código CSV: 59XXG1SK3YQYN60M e á memoria de intervención asignóuselle o código CSV: 67DJ3I4PUI37LGL0.

34.36123.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 06/02/2026 (ACORDO N° 11.36027), RELATIVO Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA CONTRATAR UNIDADES ADICIONAIS NOS LOTES 2, 3, 4 E 6. (EXPTE.2022058142)

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 06/02/2026, aprobou a modificación dos lotes 2, 3, 4 e 6 do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*”, subscritos coas empresas Miguel Ángel Ventin Portasany (NIF: 35300222Y), lotes 2 e 4, Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421), lote 3 e Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083), lote 6, para contratar unidades adicionais en ditos lotes.

Resultando que a Xefa do Servizo de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, con data 16 de febreiro de 2026, emitiu informe no que se pon de manifesto a existencia dun erro na denominación dos artigos 57 a 60 incluídos no cadro correspondente ao lote 6 (produtos de pastelería e panadaría), sen que dita circunstancia teña incidencia na contía económica da modificación.

Tendo en conta que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Rectificar o citado Acordo N° 11.36027 da Xunta de Goberno, de data 06/02/2026, de aprobación da modificación dos lotes 2, 3, 4 e 6 do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*”, no seguinte senso:



ONDE DI:

LOTE 6 – PRODUCTOS DE PASTELERÍA E PANADERÍA

Nº	PRODUTO	UD	CONSUMO MES ESTIMADO	CONSUMO MES PREVISTO	DIFERENCIA CONSUMOS	IVE	PREZO ADX. (sen IVE)	PREZO ADX. (IVE incl.)	DIFERENCIA CUSTES
(...)									
57	Torta mazá	Un	1,00	1,00	0,00	10%	16,50 €	18,15 €	0,00 €
58	Torta nata- chocolate	Kg	2,00	3,00	1,00	10%	12,10 €	13,31 €	13,31 €
59	Torta nata- fresa	Kg	2,00	3,00	1,00	10%	12,20 €	13,42 €	13,42 €
60	Torta queixo	Un	1,00	1,20	0,20	10%	14,62 €	16,08 €	3,22 €
(...)									
	COSTES MENSUALES								649,41 €

DEBE DICIR:

LOTE 6 – PRODUCTOS DE PASTELERÍA E PANADERÍA

Nº	PRODUTO	UD	CONSUMO MES ESTIMADO	CONSUMO MES PREVISTO	DIFERENCIA CONSUMOS	IVE	PREZO ADX. (sen IVE)	PREZO ADX. (IVE incl.)	DIFERENCIA CUSTES
(...)									
57	Torta da avoa	Un	1,00	1,00	0,00	10%	16,50 €	18,15 €	0,00 €
58	Torta mazá	Kg	2,00	3,00	1,00	10%	12,10 €	13,31 €	13,31 €
59	Torta nata- chocolate	Kg	2,00	3,00	1,00	10%	12,20 €	13,42 €	13,42 €
60	Torta nata- fresa	Un	1,00	1,20	0,20	10%	14,62 €	16,08 €	3,22 €
(...)									
	COSTES MENSUALES								649,41 €



35.36124.- COMUNICACIÓN

Non houbo.

36.36125.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

37.36126.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

